

PREGUNTA DE AER SOBRE A RESERVA DE PRAZAS NOCTURNAS NO CENTRO DE DÍA DE CESANTES. (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).

PLENO 26 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“Sobre a reserva de prazas nocturnas no centro de día de Cesantes

O goberno local ven de comentarlle recentemente aos grupos políticos da súa intención de reservar 10 prazas de día completo para persoas de Redondela.

Esta cuestión suscítanos varias dúbidas e cuestións:

- O Centro de Día de Cesantes é competencia da Xunta de Galicia, ao igual que Servizos Sociais depende da administración autonómica. Non obstante A Xunta unha vez máis pretende renunciar á súa responsabilidade e busca que os concellos paguen polo servizo que eles deben ofrecer.

- O custe desta reserva parece que podería chegar case ao 180.000€ ao ano, cun custe mensual por persoas dun 1.491,03€, custe que poucas persoas poden asumir polo que esa reserva implicaría un importante custe do concello, moi elevado en comparación co orzamento destinado a axudas de emerxencias e outras dentro do departamento de Servizos sociais, para dar servizo unicamente a 10 persoas ao ano.

- Esta reserva de prazas implicaría que o concello debería dotarse dunha ordenanza fiscal coa que non conta para poder cobrarlle aos usuarios o custe destas prazas. Por outro lado observamos que a carga do funcionariado aumentaría con todo este novo procedemento, sobre todo tendo en conta que o cobro deste servizo corresponderíalle á Xunta.

Así pois, PREGUNTAMOS:

Poderíannos dar unha explicación rigorosa sobre o custe que suporía esta propostas, as implicacións que suporía e como o goberno local pretende enfocar esta cuestión? ”

Resposta Sra. Amoedo: agora que se aproban os orzamentos e podemos levar a cabo o convenio co Consorcio para desfrutar de 10 prazas de uso residencial, o que se fará é un regulamento que regule a admisión. Se fará coa colaboración de servizos sociais. O que facemos con isto é garantir que as persoas que estean dentro dunha lista por cumprimento da normativa e que están pendentes dunha praza dos centros de residenciais, as primeiras que haxa serán as primeiras que entren. Regulamento que acordemos entre todos. Farase Regulamento e Ordenanza Fiscal.